

A linguaxe figurada e os simbolismos culturais do crisantemo en chinés¹

The figurative language and cultural symbolisms of chrysanthemum in Chinese

Lei Chunyi

South China Normal University²

leichunyi@hotmail.com

Resumo: O crisantemo acumulou unha serie de connotacións culturais particulares. Seguindo as directrices principais da Teoría Cognitiva da Linguaxe Figurada (Dobrovol'skij e Piirainen 2005) e o concepto de culturema (Pamies 2007), dende unha perspectiva cultural e histórica, o presente estudo abrangue a interacción entre os símbolos culturais e os signos lingüísticos, analizando o transfondo simbólico da motivación figurativa do crisantemo na cultura chinesa, e as súas pegadas semióticas no léxico figurativo, locucións e proverbios. Esta análise revela que a cultura chinesa achegou unha serie de simbolismos do crisantemo que en español non existen. A linguaxe figurada asociada con esta planta está cargada de información propiamente cultural e nacional. A interpretación correcta dos fraseoloxismos require, polo tanto, un coñecemento sobre a súa orixe e transfondo cultural.

Palabras clave: culturema, lingua chinesa, metáfora, linguaxe figurada, fraseoloxía, símbolo, crisantemo.

Abstract: The chrysanthemum carries a number of particular cultural connotations. This paper discusses the interaction between cultural symbols and linguistic signs by analyzing the symbolic background of the chrysanthemum's figurative motivation in Chinese culture, as well as its semiotic traces in the figurative lexicon, idioms and proverbs. From a cultural and historical perspective, it bases on the Cognitive Theory of Figurative Language (Dobrovol'skij and Piirainen 2005) and the concept of cultureme (Pamies 2007). It reveals that the chrysanthemum is endowed with a number of special symbolisms in Chinese culture, and none of them exists in Spanish culture related with this flower. The Chinese figurative language associated with chrysanthemum is often loaded with its particular cultural information. In order to understand appropriately an idiom, one needs to know its origin and its underlying cultural background.

Key words: cultureme, Chinese, metaphor, figurative language, phraseology, symbol, chrysanthemum.

¹ Data de recepción: 07.09.2017. Data de aceptación: 27.03.2018.

Tradución feita por Beatriz Pérez.

² En chinés: 华南师范大学

1. Introducción

Segundo a Teoría Cognitiva da Linguaxe Figurada (Dobrovol' skij e Piirainen 2005), o termo figurado úsase con gran alcance nos fenómenos lingüísticos, incluíndo tanto expresións convencionais (metáforas e metonimias figurativas lexicalizadas) como creativas (metáforas e metonimias 'novas': didácticas, literarias ou poéticas). Dobrovol' skij (1995) propón que as unidades fraseolóxicas están claramente motivadas por diferentes estruturas de coñecemento. Para describir como funcionan estas unidades e descubrir as súas características semánticas e pragmáticas específicas, débense ter en conta tamén outros conceptos, sobre todo os conceptos con base cultural.

Un *culturema* é símbolo cultural extralingüístico que a lingua aproveita como ponte para crear e comprender metáforas, tanto léxicas como fraseolóxicas da fala común ou do discurso literario (Pamies 2007). Cada lingua aproveita asociacións de ideas previas, e deste xeito asígnalle ao seu simbolismo cultural extralingüístico un papel semiótico secundario (Pamies 2015: 90). O crisantemo é un culturema importante en chinés, leva un significado social e cultural especial, transmitindo uns símbolos específicos de China, reflectidos nas metáforas poéticas creativas e nas unidades fraseolóxicas lexicalizadas, así como nos proverbios (Pamies & Lei 2014).

Os primeiros crisantemos foron cultivados en China hai séculos, e apareceron nos escritos antigos chineses a principios do século XV. Esta planta ten un lugar central na cultura chinesa. Dado que florece no outono, significa alegría e beleza a pesar do inminente inverno. Á parte da súa función ornamental, os crisantemos usáronse durante moito tempo como herba medicinal. Ademais, utilízase como un ingrediente esencial na cociña chinesa. Hai que destacar que en China o crisantemo ten a súa propia festa. Esta celébrase o noveno día do noveno mes do calendario lunar, e nalgúns cidades, acompáñase dunha exposición da devandita planta.

2. A historia do crisantemo


A flor do *Chrysanthemum indicum* é orixinaria de China, onde ten varios nomes. Un deles é literal e específico: *jú* (菊), outro é metonímico: *huáng huā* 黄花 (flor amarela). Este último converteuse no seu sinónimo por antonomasia. Dado que o noveno mes é coñecido como o 'Mes do Crisantemo' (*jú yuè* 菊月 *crisantemo mes), o crisantemo tamén se chama 'flor do noveno mes' (*jiǔ huā* 九花 *nove flor).

O crisantemo cultívase cumpridamente por todo o país e é moi apreciado pola variedade e a riqueza da súa cor (Williams 2004: 69). "Hai innumerables variedades de crisantemo en China. As súas fragrantas flores secas considéranse tónicas, sedantes e teñen usos cosméticos. Utilízanse principalmente para lavar os ollos doridos. Dise que a súa tintura é útil para quitar a debilidade e as súas cinzas funcionan como insecticida. A flor tómase en forma de po para recuperarse dunha intoxicación etílica" (Smith 1871: 62). Hai un tipo de infusión que provén das xemas ou dos pétalos secos de crisantemo.

Como xa se dixo, esta flor ten o seu propio día. Este día chámase Festividade do "Dobre Yang" (重阳节) ou *Dobre Nove* (重九), dedicado a exorcizar as desgrazas e a honrar os

anciáns, segundo a antiga crenza taoísta. Coa habitual simboloxía chinesa vinculada aos números e ás palabras dobres, o 9 do mes 9 é un día festivo, no que se presenta respecto aos maiores. Aínda hoxe, celébrase contemplando os crisantemos en plena floración, voando cometas e bebendo ‘licor de crisantemo’ (菊花酒), unha fermentación dos pétalos do mesmo, como outra forma máis de evitar os malos espíritos e o infortunio. Tamén se bebe ‘té de crisantemo’ (菊花茶), escríbense poemas vinculados ao crisantemo e búscase algún lugar alto e escarpado para subir, xa que isto traerá un ascenso na carreira persoal. A palabra ‘nove’ (jiǔ九) en chinés, é homófona de ‘largo tempo’ (jiǔ久), que simboliza a lonxevidade, e por iso neste día hónrase ás persoas maiores. Tamén é costume comer unha torta especial, chamada torta de Chong-Yang (chóng yáng gāo重阳糕). Este nome é debido a que a palabra ‘tarta’ (gāo糕) e ‘altura’ (gāo高) soan igual en chino, e quen non pode subir un outeiro, como alternativa, pode comer a torta na súa casa. Deste xeito espera igualmente lograr un ascenso na carreira persoal³.

Esta flor era tan admirada que chegou a Xapón vía Corea no século IV. Alí a historia do Crisantemo (Kiku - xaponés) sempre se mestura con nacionalismo, orgullo e obediencia. Xa no século IX foi a flor nacional-imperial de Xapón. O escudo xaponés mostra un crisantemo cor oro, de dezaseis pétalos, este “é o símbolo imperial de Xapón, porque a dispersión radial dos seus pétalos evoca os raios do sol” (Pamies & Lei 2014: 34). No século XVII, o crisantemo introduciuse en Europa, onde Karl Linnaeus, o pai da taxonomía moderna, deulle o nome científico *chrysanthemum*, do grego *chrysos* (‘ouro’) e *anthemon* (‘flor’). Con todo, esta flor fixose realmente popular en Occidente na época Victoriana, despois de que a “ Royal Horticultural Society” enviase a Robert Fortune a China para conseguir crisantemos de outono⁴.



(fig. 1) Crisantemo chinés (bordado en seda) e selo imperial xaponés (Pamies; Lei 2014: 34).

³ “El crisantemo chino”, na páxina web *Sociedad, Cultura y Protocolo en China y Corea* [01-11-2008], (<http://chinamisteriosa.blogspot.com.es/2008/11/el-crisantemo-chino-la-flor-se.html>) [Data de consulta: 26/01/2016].

⁴ Véxase a nota anterior.

3. Lenda chinesa sobre o crisantemo

Conta a lenda que había unha familia moi pobre, cuxo fillo estaba enfermo desde pequeno. Os pais probaran mil remedios para tratar de curar a súa enfermidade, pero o neno non se recuperaba e cada vez agravábase máis. Unha mañá, a nai saíu para visitar un ancián sabio e consultarlle sobre como salvar a vida do seu fillo, e este contestoulle:

- Quero que me traías un crisantemo dentro duns días, entón eu contarei os pétalos e direiche cantos días vivirá o teu fillo.

A muller, desanimada, saíu e buscou un crisantemo. Atopou uns crisantemos debaixo dunha árbore, pero desanimouse aínda máis ao ver que as flores só tiñan catro pétalos. Ela volveu á súa casa e chorou xunto ao seu fillo. Cando chegou o día de volver a casa do ancián, a muller achegouse aos crisantemos que atopara e colleu todas as flores que había. Quitouse o alfinete que levaba no cabelo e coseu un a un todos os pétalos que tiña dos demais crisantemos. Cando chegou ante o ancián, este púxose a contar os pétalos, pero había tantos que non soubo dar resposta. Pensou uns minutos e díxolle:

- Boa señora, o seu fillo vai vivir moitísimos anos, mesmo lle sobrevivirá a vostede.

Emocionada, volveu á súa casa, e deuse conta de que o seu neno xa estaba recuperado. Ao día seguinte, os demais crisantemos empezaron a crecer con moitos pétalos, e nunca máis volveron ter catro⁵.

4. As connotacións culturais do crisantemo en chinés

4.1. O poder ou a rebelión

Ao principio, o crisantemo tivo un uso simplemente culinario e medicinal, mais adquiriu un valor decorativo e semiótico como símbolo do Emperador, por extensión metonímica dun simbolismo cromático previo. Segundo o taoísmo, os *cinco elementos* (*wū xíng* 五行) son a madeira (*mù* 木), o lume (*huǒ* 火), a terra (*tǔ* 土), o metal (*jīn* 金), e a auga (*shuǐ* 水), esquema que intervéen na conceptualización de todo tipo de fenómenos, desde os ciclos cósmicos ata a fisioloxía, a política ou a medicina (Pamies; Lei 2014: 33). A cada elemento pertencelle unha cor, o amarelo corresponde á terra e está no centro, por iso é o de maior importancia (Shen 2001: 660). A partir da dinastía Tang, a cor amarela era exclusiva da vestimenta oficial dos emperadores. Confucio menciona no século VIN que o crisantemo era a flor da nobreza, e certas variedades só podían ser cultivadas para os xardíns imperiais, pero non para o pobo⁶.

⁵ "La Leyenda del Crisantemo", na páxina web Toshirada (un recorrido por mi pensamiento) [19/02/2010], (<http://idalia.me/la-leyenda-del-crisantemo/>) [Data de consulta: 27/01/2016].

⁶ "El Crisantemo Chino", na páxina web *Sociedad, Cultura y Protocolo en China y Corea* [01/11/2008], (<http://chinamisteriosa.blogspot.com.es/2008/11/el-crisantemo-chino-la-flor-se.html>) [Data de consulta: 26/01/2016].

O crisantemo amarelo herda esta función e convértese tamén en motivo heráldico imperial. O filme de Zhang Yimou “La maldición de la flor amarilla”⁷ refírese precisamente a este simbolismo co crisantemo dourado, bordado pola propia emperatriz, que identifica os conspiradores que planearon derrocar o emperador durante a festividade do ‘Dobre Yang’ (*chóng yáng* 重阳). Esta apropiación sediciosa dos atributos imperiais explica que o crisantemo, signo de realeza, tamén poida representar a rebelión, p.ex., nun célebre poema de Huang Chao⁸ que fala desta flor:

- *dài dào qiū lái jiǔ yuè bā, /wǒ huā kāi hòu bǎi huā shā. /chōng tiān xiāng zhèn
tòu cháng’ān, /mǎn chéng jìn dài huáng jīn jiǎ*

待到秋来九月八, /我花开后百花杀。/冲天香阵透长安, /满城尽带黄金甲

*esperar ata outono vir nove mes oito, /eu flor abrir despois cento flor matar. /
cara o ceo fragancia onda penetrar [cidade] Chang’ an, encho cidade todo vestir
amarelo ouro armadura

‘cando chega o oito de setembro, /as demais flores xa murcharon e os crisantemos
florece. /A súa fragancia exquisita sobe cara ao ceo e enche toda a cidade Chang’
an. /A cidade está chea de flores amarelas coma se puxeran armaduras de ouro’.

Este último verso non menciona o crisantemo porque xa o fai o título do poema *Bù dì hòu fù jú* (不第后赋菊 ‘Escribe poema sobre o crisantemo tras suspender o Exame Imperial de Selección’). Cara o ano 880, o exército insurreccional de Huang Chao conquistou a cidade de Chang’an, e tanto a xesta histórica de Huang Chao coma o seu poema inspiraron en gran medida a citada película de Zhang Yimou, cuxo fio condutor argumental é o crisantemo, e cuxo título en chinés cita textualmente este poema (*Mǎn chéng jìn dài huáng jīn jiǎ* 满城尽带黄金甲), invertendo ou “re-literalizando” a súa metáfora, cando dez mil conxurados asaltan o palacio imperial vestidos con armaduras douradas (Pamies; Lei 2014: 33-34).

Neste filme aparece un *jú huā tái* (菊花台), que é unha plataforma ou escenario alto con moitas flores de crisantemo. Este escenario é tamén un símbolo da autoridade imperial. Os emperadores usábano nas cerimoniais importantes ou actos solemnes, como a Festividade do Dobre Yang (重阳节), para ofrecerlles sacrificios aos Deuses ou antepasados, ou para consolar e honrar os súbditos que sacrificaran a súa vida na guerra. Todos estes actos eran moi solemnes e grandiosos, polo que se necesitaba poñer un escenario alto, decorado con crisantemos. Xeralmente, este é redondo, coa mesma forma que o ceo. Dado que a cor amarela é o símbolo do emperador, estas flores servían moi ben para estas ocasións, salientando o símbolo de superioridade do emperador. O termo *jú huā tái* (菊花台) ‘escenario de crisantemos’ tamén pode referirse a un sitio histórico que se atopa en Nanjing. Neste caso, trátase dun monte pequeno, que actualmente é a

⁷ *Mǎn chéng jìn dài huáng jīn jīn* (张艺谋: 满城尽带黄金甲). Hong Kong: 2006 “The Curse of the Golden Flower”. (http://en.wikipedia.org/wiki/Internet_Movie_Database) [Data de consulta: 26/01/2016].

⁸ *Huáng Cháo* (黄巢): *Bù dì hòu fù jú* (不第后赋菊) [“Escribe poema sobre o crisantemo tras suspender o Exame Imperial de Selección”].

sede do “mausoleo dos nove mártires revolucionarios”. Este nome relaciónase cunha anécdota: cando o emperador Qianlong⁹ fixo unha visita de inspección por este lugar, era a tempada do florecemento do crisantemo. Os funcionarios pedíronlle ao emperador que escribise unha dedicatoria e, sen pensar, el escribiu *jú huā tái* (菊花台) ‘escenario de crisantemos’. Por este motivo o bautizaron así¹⁰.

4.2. A nobreza

O crisantemo, a orquídea, a flor da ciroleira e o bambú teñen fama de ser ‘os catro cabaleiros nobres’ (四君子). Estas plantas representan a nobreza e aplícanse metaforicamente a persoas virtuosas e respectables. A expresión *lán jú tíng fāng* 兰菊庭芳 *orquídea crisantemo patio fragrante (tanto a orquídea como o crisantemo enchen o patio de fragancia) ‘os dous son igual de bos’ úsase moito como frase de felicitación para os novos matrimonios, encomiando que ‘tanto o noivo como a noiva son nobres e son dignos de formar unha parella perfecta’ (Lei 2017b: 209).

4.3. A perseveranza

Esta flor tamén representa a perseveranza, pois eloxia o espírito inquebrantable ou a tenacidade dunha persoa. Despois de murchar, os pétalos do crisantemo seguen agarrados ao talo, é por isto polo que tamén simboliza a aquela persoa que mantén a súa dignidade ata despois de morrer. Aparece, p.ex., nun famoso poema clásico do poeta Mei Raochen, da época da dinastía Song:

- *hé jìn yǐ wú qíng yǔ gài, /jú cán yóu yǒu ào shuāng zhī*

荷尽已无擎雨盖, /菊残犹有傲霜枝

*loto murcha xa non protexer choiva teito¹¹, /crisantemo murcho aínda ter orgulloso xeadra rama

‘as flores de loto caeron todas, incluso as follas que se usan como paraugas están secas e murchas, /os crisantemos de outono tamén murcharon, pero as súas ramas aínda seguen, enfrontándose ao vento frío e á xeadra’ (Pamies; Lei 2014: 36).

No *Huáng huā* (黄花 ‘Flor amarela’), da gran poetisa Zhu Shuzhen¹² da época da dinastía Nansong, dise:

- *Níng kě bào xiāng zhī tóu lǎo, bù suí huáng yè wǔ qiū fēng*

宁可抱香枝头老, 不随黄叶舞秋风

⁹ O Emperador Qianlong (*Qián Lóng* 乾隆) foi o quinto emperador da dinastía Qíng, a última dinastía imperial china.

¹⁰ Shi Yuanhua 石源华 “Yi yu zhong hun yong wei hou ren ji nian” 异域忠魂永为后人纪念 [‘Los mártires sacrificados en el extranjero siempre son recordados por las generaciones posteriores’], en el *Diario de Jiang su gong ren bao* 江苏工人报 [‘Diario de obrero de Jiangsu’], [06/04/2012], (<http://www.jsgrb.com/Article/50686.html>) [Data de consulta: 26/01/2016].

¹¹ A folla de loto emprégase a miúdo como paraugas improvisado na estación das choivas.

¹² *Zhū Shū Zhēn* (朱淑贞).

*mellor poder¹³ perfumado talo¹⁴ cima envellecer, /non seguir amarela folla bailar outono vento

‘o crisantemo prefere morrer enriba do talo que ser levado polo baile outonal das follas amarelas’

A expresión *wǎn jié¹⁵ huáng huā* (晚节黄花*vellez comportamento amarelo flor) que significa ‘a vellez coma o crisantemo’ eloxia a persoa que envellece con dignidade e conserva as súas cualidades morais (Lei 2017b: 211).

Dado que os piñeiros e os crisantemos son capaces de resistir o frío e a xeadas, esta flor tamén se usa para facer alusión ao carácter dunha persoa, así a expresión *sōng jú* (松菊*piñeiro crisantemo) refírese metaforicamente a ‘a persoa constante e perseverante ante as dificultades e leal aos seus principios’ (*Zai xian han yu zi dian*).

4.4. A humildade

O brillo discreto e natural desta flor lévaa a simbolizar tamén a humildade, outro valor moi importante na cultura chinesa. Nun poema do erudito Zou Dunyi, da época da dinastía Song, lese:

-Jú, /huā zhī yǐn yì zhě yě

菊, /花之隐逸者也

*crisantemo, /flor PART. esconder escapar¹⁶ persoa PART.

‘o crisantemo é a flor escondida’

Como símbolo de humildade e moderación, esta flor alude metaforicamente á persoa que se inclina a facer concesións e se mantén lonxe dos asuntos mundanos (Pamies; Lei 2014: 35).

4.5. O retiro da vida política (o desprezo á fama e ao beneficio mundano)

O crisantemo asóciase xeralmente cunha vida tranquila, retirada dos cargos públicos. Na cultura chinesa, tradicionalmente úsase a imaxe do crisantemo para simbolizar a humildade e o retiro da vida política, como reflicte a famosa expresión *méi lán zhú jú* (梅兰竹菊*ciroleira orquídea bambú crisantemo ‘persistencia, forza, virtude, humildade’) (Lei 2017 b: 210). Na devandita expresión, o crisantemo fai referencia metaforicamente a unha ‘persoa virtuosa que se retira da vida política’.

A expresión *sōng jú yuán* [松菊缘*piñeiro crisantemo sorte (ter a sorte de tratar cos piñeiros e crisantemos)] refírese figurativamente á ‘vida tralo retiro de cargos públicos’ (Lei 2017b: 210). De forma similar, a expresión *sōng jú zhǔ rén* 松菊主人*piñeiro

¹³ *Níng kě* 宁可 *mellor+poder, como palabra composta significa ‘preferir’.

¹⁴ *xiāng zhī* 香枝 *fragrante+talo, colocación que designa o talo dunha flor.

¹⁵ *vellez+comportamento*: como palabra composta significa ‘integridade da vellez’.

¹⁶ *yīn yì* (隐逸) *esconder+escapar, como palabra composta significa ‘privacidade’.

crisantemo principal persoa (o dono dos piñeiros e os crisantemos aplícase á persoa que goza disto (*ibid.*)).

O famoso poeta Tao Yuanming (陶渊明)¹⁷, a pesar da súa pobreza, negouse a ocupar un cargo oficial e preferiu dedicar a súa vida á poesía, a música, o viño e o cultivo do crisantemo. Nun poema chamado *Yin jiǔ* (‘Beber licor’), Tao Yuanming expresa a súa satisfacción pola vida campesiña despois de retirarse dun cargo público, vivindo despreocupadamente nun campo (*cf. esp. Lejos del mundanal ruido*), ao coidado desta flor.

- *Cǎi jú dōng lí xià, yōu rán jiàn nán shān*

采菊东篱下，悠然见南山。

*coller crisantemo oriental sebe baixo¹⁸, despreocupado ver [montaña] Nan Shan
‘cando estou collendo as flores de crisantemos, inconscientemente levanto a cabeza e vexo as paisaxes da montaña Nan Shan’ (*Han ci wang* 2005).

Outro exemplo atopámolo nun verso do poeta Chu Guangxi (储光羲) no que este expresa o seu desexo de afastarse da vida mundana:

- *Dōng lí zhāi fāng jú, xiǎng jiàn zhú lín yóu*

东篱摘芳菊，想见竹林游

*oriental seto coller fragrante crisantemo, querer realizar bambú bosque viaxe¹⁹
‘estou recollendo as flores fragrantes de crisantemo, e teño un gran desexo de ver os meus amigos íntimos e de que gocemos xuntos’.

4.6. A nostalgia

O crisantemo tamén pode simbolizar a nostalgia; por exemplo, nun poema clásico de Du Fu²⁰, encóntrase este verso:

- *Cóng jú liǎng kāi tā rì lèi, / gū zhōu yī xì gù yuán xīn*

丛菊两开他日泪，/ 孤舟一系故园心

*acio crisantemo dos florecer outro día²¹ lágrima, / só barca un atar corazón antigo casa²²

¹⁷ *Táo Yuān Míng* (陶渊明) foi un escritor chinés de inspiración taoísta. Celebrou a vida campesiña e o viño.

¹⁸ *Dōng lí* (东篱 *oriental sebe) ao principio o seu significado literal era ‘a horta situada no leste onde están os crisantemos’, posteriormente converteuse nun termo fixo que se refire a ‘o lugar no que se cultivan os crisantemos, independentemente da súa posición, sexa leste, oeste, norte ou sur.’

¹⁹ *Zhú lín yóu* (竹林游 *bambú bosque viaxe) é unha frase feita refírese a ‘os contactos entre as persoas honradas e virtuosas que desprezan a fama e o beneficio’.

²⁰ *Dù Fǔ* (杜甫): *Qiū xìng bā shǒu* (秋兴八首) [‘Oito poesías de outono’].

²¹ *Tā rì* (他日 *outro+día), como palabra composta, significaba en chinés clásico ‘un certo día do pasado’.

²² Ao igual que no español actual, *gù yuán* (故园 *antiguo casa [casa antigua]) significaba en chinés clásico ‘a casa na que antes vivía’

‘xa floreceu o crisantemo dúas veces, por iso cáense as lágrimas, /sempre que vexo unha barca atracando na beira estraño a miña aldea natal’.

Outro exemplo típico aparece na poesía elexíaca *Qiū fēng cí* (秋风辞 ‘Vento de outono’), do poeta Liu Che (刘彻) da época da dinastía Xi Han:

- *Lán yǒu xiù xī jú yǒu fāng, /huái jiā rén xī bù néng wàng*

兰有秀兮菊有芳，/怀佳人兮不能忘

*orquídea ter cor crisantemo ter fragancia, /estrañar belo persoa ¡Ah! non poder esquecer

‘aínda que as orquídeas son preciosas e os crisantemos fragantes, el non pode esquecer a unha bela muller’.

Por extensión, pode representar a delgadeza enfermiza debida á nostalxia (Pamies; Lei 2014: 35), especialmente entre namorados separados, como se expresa nun verso de Li Qingzhao²³:

- *rén bǐ huáng huā shòu*

人比黄花瘦

*persoa como amarelo flor delgado

‘estar máis abatido que un crisantemo’.

A canción temática da película ‘La maldición de la flor amarilla’ chámase *Jú Huā Tái* (菊花台 ‘Escenario de crisantemo’) e describe a mutua nostalxia dolorosa entre un xeneral que está nunha expedición, e a súa muller, que está esperándoo na casa. Nesta canción, destácase o verso:

- *Jú huā cán /mǎn dì shāng /nǐ de xiào róng yǐ fān huáng*

菊花残/满地伤/你的笑容已泛黄

*crisantemo flor murchar /cheo terra tristeza /o teu atributo sorrinte aspecto xa emerxer amarelo

‘as flores de crisantemo xa murcharon, mentres tanto, os trazos da súa muller volvéronse borrosos porque leva moito tempo sen vela.’

Na antiga China, o crisantemo non só se asociaba á despedida, senón tamén á sensación de nostalxia e tristeza. Neste verso relaciónase ‘o amarelo de crisantemo’ con ‘o amarelo

²³ *Lǐ Qīng Zhào* (李清照): *Zuì huā yīn* (醉花阴).

do aspecto riseiro’ para expresar a profunda tristeza de tanta nostalgia, a pesar de que o ‘amarelo’ da palabra composta *fàn huáng* (泛黄 *emerxer amarelo) alude á reminiscencia, a diferenza do significado literal da cor amarela (Lei 2017a: 393-403).

4.7. O outono

Como xa se comentou anteriormente, o crisantemo considérase uns dos ‘catro cabaleiros’ (四君子), xunto coa flor da ciroleira, a orquídea e o bambú. Por exemplo, a expresión *méi lán zhú jú* (梅兰竹菊 *ciroleira orquídea bambú crisantemo) representa o inverno, a primavera, o verán e o outono respectivamente. Estas catro plantas son temas frecuentes nas tradicionais pinturas chinesas a tinta desde os tempos da dinastía Song (960-1279), debido á súa beleza refinada.

A flor de crisantemo é un emblema do outono e simboliza a xovialidade. Polo tanto, ‘o outono’ tamén é coñecido como *jú tiān* (菊天 *crisantemo ceo) (*Han yu ci dian* 2008-2011); ‘o noveno mes’ é coñecido como o ‘mes do crisantemo’ (*jú yuè* 菊月 *crisantemo mes), tamén se chama *hán jú* (寒菊 *frío crisantemo ‘crisantemo’) (*Zai xian han yu zi dian*). A floración de crisantemos era exclusivamente outonal. Por iso esta é a protagonista da estación, como se reflicte na expresión *chūn lán qiū jú* [*primavera orquídea outono crisantemo] (春兰秋菊): ‘a orquídea en primavera e o crisantemo en outono’, que se usa para expresar metaforicamente que ‘cada un ten a súa beleza ou o seu punto forte’ (Jia 2013: 215).

Como os crisantemos florecen no noveno mes, tradicionalmente os chineses acostuman a saír cos familiares ou amigos a apreciar estas fermosas flores (*shǎng jú* 赏菊 *apreciar crisantemo) (Williams 2004: 69). Desde a antigüidade, na cultura chinesa xa existía este costume, como testemuña a expresión *chí áo fēng jú* 持螯封菊 *levar cangrexo bloquear crisantemo ‘o encanto de comer cangrexos e apreciar flores de crisantemo’²⁴ (*Zai xian han yu zi dian*).

En festividades tales como a Festividade de Mediados de Outono (中秋节), ou a Festividade de ‘Dobre-yang’, adóitanse empregar as flores de crisantemo de varias cores para crear diferentes formas (ex. forma de animais, árbores, persoaxes, edificios ou caracteres chineses símbolos de bo augurio, etc.) e crear así motivos decorativos coa fin de darlle a benvinda ás festividades. O Festival do Crisantemo celébrase anualmente en Tongxiang (桐乡), cerca de Hangzhou. Tamén a aldea Xiaolan (小榄) na provincia de Cantón é famosa polo cultivo do crisantemo e a súa horticoltura novidosa. Ademais, esta provincia é coñecida como ‘Cidade de Crisantemo’ (菊城). Cada ano (xeralmente en novembro) celébrase unha exhibición de crisantemo (菊展), aínda que a famosa gran feira de crisantemo só se celebra cada sesenta anos como unha tradición local (Lei 2017a: 393-403).

²⁴ Tradicionalmente, considerábase un gran pracer observar as flores mentres se comían cangrexos na estación de pleno florecemento do crisantemo.



(fig. 2) As figuras feitas de crisantemo nas exhibicións de crisantemo

4.8. A vellez ou a obsolescencia

Os antigos tiñan o costume de apreciar as flores de crisantemo durante a festa do ‘Dobre Yang’ (*Chongyang* 重阳) en outono. A expresión *míng rì huáng huā* 明日黄花 *claro sol/día²⁵ amarelo flor²⁶ (apreciar flor de crisantemos despois da festa do Dobre Yang) designa as ‘ cousas anticuadas, obsoletas’ (*Han dian* 2004-2015). A súa motivación reside en que os crisantemos van murchar pouco despois da festividade do *Dobre Yang*, e apreciar as flores despois da festa xa non ten sentido (Lei 2017a: 393-403).

O crisantemo murcho pode facer alusión ás mulleres vellas, indicando que ‘o seu tempo bo xa pasou’, como reflicte a locución:

- *jú lǎo hé kū* 菊老荷枯 *crisantemo vello loto murcho (o crisantemo e o loto murchan) ‘o rostro vello dunha muller’ (Wang Tao et al. 1987: 664).

5. Conclusións

Examinamos a evolución dos valores do ‘crisantemo’ na cultura chinesa a través da súa presenza en numerosas unidades fraseolóxicas como metáforas poéticas, proverbios e

²⁵ *míng rì* 明日 *claro+sol, como palabra composta significaba en chinés clásico ‘mañá’, en chinés moderno dise *míng tiān* (明天) [*claro ceo]. Non obstante, neste contexto, *míng rì* (明日) refírese a ‘despois da festa de Dobre Yang’.

²⁶ *Huáng huā* 黄花 *amarelo flor (flor amarela) é outro nome do crisantemo.

outros símbolos culturais chineses, e amosamos o seu papel preponderante dentro da linguaxe figurada na lingua chinesa.

A cultura chinesa achegou unha serie de simbolismos ao crisantemo que en español non existen, tales como poder, rebelión, nobreza, perseveranza, humildade, desprezo á fama, nostalxia, outono, e vellez, a consecuencia de varios factores como a experiencia, o costume, a historia a literatura e a cultura. A riqueza das unidades fraseolóxicas asociadas co crisantemo mostra a súa elevada posición na cultura chinesa, debido a que en moitas ocasións o pobo chinés lle atribúe símbolos positivos e apréciao, elóxiao, venérao e ata o considera como sustento espiritual. Obsérvase que tales simbolismos e significados do crisantemo non están presentes na lingua nin no acervo cultural do pobo español.

Debido a esta carga de información propiamente cultural e nacional, abundan as unidades fraseolóxicas chinesas que non se comprenden nin se entenden, polo que se resisten á tradución e requiren un coñecemento sobre a súa orixe e o seu transfondo cultural. Este traballo ofrece tamén probas de que lingua e cultura comparten o obxecto central do ensino das linguas estranxeiras e de que, se as unidades fraseolóxicas resultan a miúdo tan opacas, é precisamente por ese factor. Por todo iso, a aprendizaxe dunha lingua require un achegamento linguo-cultural.

6. Referencias bibliográficas

- DOBRVOL'SKIJ, Dmitrij (1995): *Kognitive Aspekte der Idiom-Semantik. Studien zum Thesaurus deutscher Idiome*. Tübingen: Gunter Narr Verlag.
- DOBRVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (2005): *Figurative Language: Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives*. Amsterdam: Elsevier.
- HAN CI WANG (2005): *Han ci wang* 汉辞网 [“Página web del gran diccionario chino”] (<http://www.hydc.com/>) [Data de consulta: 26/01/2016].
- HAN DIAN (2004-2015): *Han dian* 汉典 [“Diccionario de chino”]. (<http://www.zdic.net/>) [Data de consulta: 19/01/2016].
- HAN YU CI DIAN (2008-2011): *Han yu ci dian* 汉语词典 [“Diccionario de chino”] (<http://cidian.xpcha.com/>) [Data de consulta: 26/01/2016].
- JIA, Yongsheng (2013): *Diccionario fraseológico-cultural de la lengua china*. Granada: Granada Lingvistica.
- LEI, Chunyi (2017a): *Estudio Contrastivo Linguo-Cultural del Lenguaje Figurado en Español y en Chino: Nombres y Fraseologismos Zoonímicos y Fitonímicos*. Tesis doctoral. Universidad de Granada.
- LEI, Chunyi (2017b): *Diccionario fraseológico chino: zoomorfismos y botanismos*. Charleston: CreateSpace Independent Publishing Platform.
- PAMIES, Antonio (2007): “El lenguaje de la lechuza: apuntes para un diccionario intercultural”, en LUQUE, Juan de Dios; PAMIES, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje: El significado como corolario cultural*, vol.1. Granada: Granada Lingvistica / Método, 375-404.
- PAMIES, Antonio (2015): “Las metáforas frutales en el léxico y la fraseología del español”, en *Itinerarios* 22, 89-99.

- PAMIES, Antonio; LEI, Chunyi (2014): «L'intraduisible? Dîtes-le avec des fleurs: Botanismes figuratifs et spécificité culturelle», en DALMAS, Martine; PIIRAINEN, Elisabeth; FILATKINA, Natalia (eds.): *Figurative Sprache - Figurative Language - Language figuré*. Festgabe für Dmitrij O. Dobrovol'skij. Tübingen: Stauffenburg Verlag, 19-40.
- SHEN, Xilun [沈锡伦] (2001): *Min su wen hua zhong de yu yan qi qu* 民俗文化中的語言奇趣 “Las curiosidades lingüísticas en las costumbres folclóricas”. Taipei: Taiwan shang wu yi shu guan “Taipei: Museo de arte commercial de Taiwan”. 台北: 台湾商务艺术馆.
- SMITH, Frederick Porter (1871): *Contributions towards the Materia Medica and Natural History of China*. Shanghai: American presbyterian mission press. London: Trubner & Co., 62.
- WANG, Tao [王涛] et al. (dirs.) (1987): *Zhong guo cheng yu da ci dian* 中国成语大辞典 [“Gran diccionario de Chengyu chino”]. Shanghai: Shang hai ci shu chu ban she “Shanghai: Editorial de Diccionario de Shanghai”. 上海: 上海辞书出版社.
- WILLIAMS, Charles Alfred Speed (2004 [1974]): *Chinese Symbolism and Art Motifs*. Boston: Tuttle publishing.
- ZAI XIAN HAN YU ZI DIAN (s.a.): *Zai xian han yu zi dian* 在线汉语字典 [“Diccionario de chino online”], (<http://xh.5156edu.com/>) [Data de consulta: 19/01/2016].

